



OURENSE, A VINTE E TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 3-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

COMPETICIÓN: LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25-26 (XORNADA 8)

ENCANTRO: C. W. PONTEVEDRA - C. W. PABELLÓN OURENSE

DÍA/HORA: 17/01/26; 13:00

FEITOS

PRIMEIRO.- Con data 19/01/2026 foi remitida a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro arriba indicado.

SEGUNDO.- No anexo da acta recóllese literalmente o seguinte feito: «no minuto 4:04 amósaselle tarxeta amarela ao adestrador local, D. Iago Carabelos Rosales, por protestar en dirección á árbitra cos brazos abertos e sobrepasando a liña de medio campo».

TERCEIRO.- Da documentación do encontro resulta que D. Iago Carabelos Rosales figura como técnico do equipo local (C. W. Pontevedra).

CUARTO.- O citado feito foi tramitado conforme ao procedemento disciplinario aplicable (trámite de audiencia). Non constan alegacións do interesado no prazo concedido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. **Competencia e procedemento.** Resulta de aplicación o artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación, ao que se remite expresamente o trámite de audiencia do presente expediente.

II. **Tipificación e consecuencias disciplinares (adestradores/as).** A Normativa Xeral de Waterpolo da tempada 2025/26 (Circular 25-43) establece para as sancións de adestradores/as un sistema de ciclos: a primeira tarxeta amarela sanciónase cunha amonestación, e a segunda e sucesivas tarxetas amarelas comportan suspensións de un a catro partidos e sanción económica dependendo do ciclo.

III. **Cómputo (primeiro ciclo).** Á vista da documentación obrante neste expediente non se desprende a existencia doutra tarxeta amarela previa ao citado técnico na mesma categoría/competición durante a tempada, polo que procede cualificala como primeira tarxeta amarela do primeiro ciclo.

RESOLVE

ÚNICO.- Polo feito acreditado consistente en protestar en dirección á árbitra, cos brazos abertos e sobrepasando a liña de medio campo, polo que se amosou tarxeta amarela ao **adestrador** local do C. W. Pontevedra, **D. Iago Carabelos Rosales, ACÓRDASE:**

1. Impoñer **AMONESTACIÓN**, computable como 1ª tarxeta amarela do primeiro ciclo na tempada e categoría de referencia, de acordo coa Normativa Xeral de Waterpolo.
2. Notificar a presente resolución ao club C. W. Pontevedra, para o seu coñecemento e efectos.

3. Facer constar que a acumulación de tarxetas amarelas comportará as consecuencias previstas na normativa disciplinaria vixente para adestradores/as.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense